



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio plurilingüe de educación infantil e primaria  
Celso Emilio Ferreiro

Celso Emilio Ferreiro, s/n  
15186 CERCEDA - A CORUÑA  
☎ 881 880 506 ☎ 881 880 507  
✉ ceip.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/>



# PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

<b>ÍNDICE</b>	<b>01</b>
<b>CAPÍTULO I: INTRODUCCIÓN</b>	<b>02</b>
1.1. XUSTIFICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE	02
1.2. OBXECTIVOS	03
1.3. PUNTO DE ENCONTRO	04
<b>CAPÍTULO II: DATOS E EMPRAZAMENTO</b>	<b>04</b>
2.1 IDENTIFICACIÓN	04
2.2. SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO	04
2.3. ACCESOS AO CENTRO E INSTALACIÓNS	04
2.4 PLANOS DE EMPRAZAMENTO	05
<b>CAPÍTULO III: ANÁLISE DE RISCOS E MEDIDAS DE PROTECCIÓN</b>	<b>06</b>
3.1. AVALIACIÓN DE RISCOS	06
3.2. MEDIOS DISPOÑIBLES	06
3.2.1. MEDIOS INTERNOS E SISTEMAS DE ALARMA	06
3.2.2. MEDIOS EXTERNOS	07
3.3. PLANO DO EDIFICIO	08
<b>CAPÍTULO IV: PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN</b>	<b>09</b>
4.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS	09
4.2. EQUIPOS DE INTERVENCIÓN	09
4.2.1. SELECCIÓN DE EQUIPOS	09
4.2.2. FUNCIÓNS DOS EQUIPOS	10
4.2.3. RESUMO DE PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN	11
4.3. PROGRAMA DE FORMACIÓN	13
4.3.1 MEDIDAS PREVENTIVAS	13
4.3.2. INSTRUCIÓNS ORIENTATIVAS PARA O PROFESORADO	13
4.3.3. ACTIVIDADES A LEVAR A CABO CO ALUMNADO	14
4.3.3.1 NORMAS DE EMPREGO DUN EXTINTOR PORTÁTIL	14
4.3.3.2 PRIMEIROS AUXILIOS	16
<b>CAPÍTULO V: SUPOSTOS E ACTUACIÓNS</b>	<b>16</b>
5.1. SUPOSTOS	17
5.2. ACTUACIÓNS	17
5.2.1 INCENDIO NA COCIÑA	17
5.2.2 EXPLOSIÓN OU INCENDIO NO DEPÓSITO DE GAS-OIL OU CALDEIRA	17
5.2.3 DERRUBAMENTO DE PARTE DO EDIFICIO	18
5.2.4 INCENDIO OCASIONAL EN CALQUERA AULA	18
5.2.5. EXPLOSIÓN OU INCENDIO DA GASOLINERA	18
5.2.6. INCENDIO NA AULA DE INFORMÁTICA	18
5.3. EVACUACIÓN DE FERIDOS	18
<b>CAPÍTULO VI: UBICACIÓN, REVISIÓNS E ACTUACIÓNS DO PLAN</b>	<b>19</b>
<b>CAPÍTULO VII: ACTA DE EVACUACIÓN</b>	<b>20</b>

## **CAPÍTULO I: INTRODUCCIÓN**

### **1.1. XUSTIFICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE**

Un plan de autoprotección é un documento que recolle o conxunto de medidas deseñadas e implantadas para evitar a materialización de situación de emerxencia, e no seu caso, para minimizar as consecuencias derivadas dun sinistro e optimizar os recursos dispoñibles existentes ao respecto. Toda esta información debe estar debidamente recollida e ser coñecida por todos os ocupantes do centro para evitar respostas improvisadas que conduzan á desorganización e ao caos durante unha eventual e urxente evacuación. Unha correcta planificación neste senso contribuirá a mellorar a eficacia da intervención e a reducir o tempo de evacuación, detectándose tamén con elo posibles deficiencias que se poideran manifestar. Polo tanto, o Plan debe ser un instrumento que baseado no estudo, desenvolvemento e posta en práctica dunha serie de pautas de actuación, en base aos medios dispoñibles, permita unha resposta rápida e eficaz ante unha emerxencia.

A normativa existente en materia de autoprotección é abundante.

En 1984 aparece a **ORDE DE 13 DE NOVEMBRO DE 1984, SOBRE EVACUACIÓN DE CENTROS DOCENTES DE EDUCACIÓN XERAL BÁSICA, BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL**. En dicha Orde preténdese implantar a realización, con carácter periódico e habitual, de exercicios prácticos de evacuación de emerxencia nos centros docentes de educación xeral básica, bacharelato e formación profesional.

Neste mesmo ano aparece a **ORDE DO 29 DE NOVEMBRO DE 1984 POLA QUE SE APROBA O MANUAL DE AUTOPROTECCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE EMERXENCIA CONTRA INCENDIOS E DE EVACUACIÓN DE LOCAIS E EDIFICIOS**. Senicase embargo, dentro da mesma Orde indícase que a aplicación deste manual é voluntaria.

Este mesmo ano, en xaneiro, publícase no BOE a **LEI 2/1985, DO 21 DE XANEIRO, SOBRE PROTECCIÓN CIVIL**. Nesta lei háblase da autoprotección e indica que os centros de ensinanza desenvolverán, entre o alumnado, actividades que os sensibilicen acerca das súas responsabilidades en materia de protección civil. Nesta mesma lei tamén se indica que os titulares dos centros, estarán obrigados a establecer medidas de seguridade e prevención en materia de protección civil, dipoñendo dun sistema de autoprotección, dotado cos seus propios recursos, e do correspondente plan de emerxencia para acción de porevención de riscos, alarma, evacuación e socorro.

En 1995 apróbase e publícase a **LEI 31/1995, DO 8 DE NOVEMBRO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**. Nela indícase que o empresario (Administración Educativa no caso dun centro público) deberá analizar e establecer os primeiros auxilios, a lucha contra incendios e a evacuación, designando para iso ao persoal encargado de poner en práctica estas medidas e comprobando periódicamente o seu correcto funcionamento.

A Lei 5/2007 de 7 de maio, no seu artigo 40 esixe que os centros educativos teñan elaborados os Plans de Autoprotección, ou tamén chamados Plans de Emerxencia e Evacuación. A Xunta de Galicia, co Decreto 171/2010 do 1 de Outubro, e o Real Decreto

393/2007 de 23 de marzo obrigan a que os devanditos Plans de Emerxencia teñan un contido mínimo:

- Capítulo I. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade.
- Capítulo II. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.
- Capítulo III. Inventario, análise e avaliación de riscos.
- Capítulo IV. Inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección.
- Capítulo V. Programa de mantemento das instalacións
- Capítulo VI. Plan de actuación ante emerxencias
- Capítulo VII. Integración do plan de autoprotección noutros de ámbito superior.
- Capítulo VIII. Implantación do plan de autoprotección.
- Capítulo IX. Mantemento da eficacia e actualización do plan de autoprotección.

Ademais, a lexislación esixe:

Os centros onde se atopen persoas que xa sexa por incapacidade física, psíquica, ou que para facer unha evacuación do centro necesite axuda (donde hai nenos pequenos) é necesario que exista un Plan de Autoprotección.

Os Plans de Autoprotección realizados antes da entrada en vigor desta lexislación deben de adaptarse a ela.

## **1.2. OBXECTIVOS**

Os obxectivos xerais, a ter en conta, serían os seguintes:

- 6112 Coñecer o centro avaliando as necesidades das instalación e os medios de protección disponibles.
- 6112 Valorar e avaliar o estado das instalacións e os medios e medidas de evacuación contando con asesoramento externo.
- 6112 Diseñar os plans de actuación ante posibles situacións de risco.
- 6112 Asignar función concretas ao persoal do centro para poder levar a cabo as acción previstas de xeito ordenado, estruturado e coherente.
- 6112 Proporcionar información do centro a través de planos sinxelos dando pautas de actuacións ante posibles emerxencias.
- 6112 Coñecer e achegar a toda a comunidade escolar as medidas preventivas a ter en conta.
- 6112 Coordinarse co resto dos medios externos que participarían nun posible simulacro e ou/sinistro real.

Os obxectivos específicos para a Comunidade Educativa son os indicados de seguido:

- 6112 Realizar as actividades necesarias para dar a coñecer as medidas preventivas de actuación ante unha situación de emerxencia.
- 6112 Remarcas a importancia das medidas preventivas e fomentar o coidado e emprego das instalacións do centro e dous seus materiais.
- 6112 Afianzar as actuacións ante calquera eventualidade a través de prácticas habituais.

### 1.3. PUNTO DE ENCONTRO

O lugar escollido como punto de encontro salvo circunstancias excepcionais, será o ubicado na explanada limitada polo centro e a biblioteca municipal e que queda marcado no plano do edificio do punto 3.3.

## CAPÍTULO II: DATOS E EMPRAZAMENTO

### 2.1. IDENTIFICACIÓN

ANO DE REALIZACIÓN DO PLAN:	2014
-----------------------------	------

CÓDIGO DO CENTRO:	15020970
CENTRO ESCOLAR:	CEIP CELSO EMILIO FERREIRO
TIPO DE CENTRO:	PÚBLICO
LOCALIDADE:	A SILVA - CERCEDA
ENDEREZO:	RODÍS – A SILVA, S/Nº
TÉLEFONO/FAX:	981 692 464
CORREO ELECTRÓNICO	ceip.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.es

### 2.2. SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO

O Centro “Celso Emilio Ferreiro” está situado en A Silva, Concello de Cerceda. O colexio está rodeado por catro rúas coas seguintes descrições, delimitacións e riscos potenciais:

- 6112 A entrada principal comunica coa estrada comarcal AC- 400 con dirección a Santa Comba. Unha rúa paralela previa evita a perigosidade que suporía o acceso directo á mesma.
- 6112 Na parte oposta á entrada principal temos a Biblioteca Municipal cuxa planta superior e empregada nalgúnhas das actividades extraescolares que levamos a cabo.
- 6112 Atravesando a rúa accédese a unha finca con múltiples eucaliptos de mediana altura.
- 6112 Na cara norte, despois de cruzar unha pequena rúa, atopámonos cunha gasoleira (situada a 8 metros do centro).
- 6112 Ao leste e na beira interior dunha finca anexa, hai unha torre de media tensión (situada a 5,40 metros do centro).

### 2.3. ACCESOS AO CENTRO E INSTALACIÓNS

A porta da entrada principal ao recinto escolar é metálica e conta con dúas follas de apertura cara ao interior, cunha lonxitude total de 3 metros de largo e desde a que accedemos ao patio cuberto (con cuberta de policarbonato). Dispón dunha malla rixida de protección que abarca tanto á porta como ao resto do muro aínda que de xeito independente.



Na parte posterior do patio hai un portón para acceso de vehículos de carga e descarga, así como os de servizos de emerxencia.

A parte correspondente aos patios de recreo e do ximnasio está delimitada por un muro de **1,52** metros de altura sobre o que se alza unha malla metálica.

Na cara leste temos un patio interior cunha porta metálica cara ao exterior, de **1,30** metros (*saída de emerxencia*). Xusto no lado oposto, hai outro patio interior estanco sen porta ao exterior.

As portas de acceso ao vestíbulo e ao comedor son as únicas, xunto co portón de acceso para vehículos, e a de emerxencia, que dispoñen de apertura cara ao exterior. As do resto do centro teñen todas apertura hacia o interior dos distintos habitáculos.


Os corredores interaulas miden **1,55** metros de ancho.

Dúas estancias da antiga casa do Conserxe, anexa ao Centro, empréganse como Aula de P.T. e Aula de Informática respectivamente, dispoñendo de entrada independente a través do patio de recreo.

A sala de caldeiras atópase na parte posterior do ximnasio e o depósito soterrado no patio cuberto. A superficie do ximnasio é de madeira, mentras que a superficie de todos os patios de recreo é de cemento.

## 2.4. PLANOS DE EMPRAZAMENTO





## **CAPÍTULO III: ANÁLISE DE RISCOS E MEDIDAS DE PROTECCIÓN**





### **3.1. AVALIACIÓN DE RISCOS**

Tendo en conta as características do edificio que consta dunha soa pranta, a súa ubicación e distribución así como o número de persoas a evacuar, o Centro Educativo, segundo as consideracións valoradas por Protección Civil e o Parque Comarcal de Bombeiros de Ordes adscrito ao Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, atópase entre os considerados como de **BAIXO RISCO**.










### **3.2. MEDIOS DISPOÑIBLES**

#### **3.2.1. MEDIOS INTERNOS E SISTEMAS DE ALARMA**

Os medios de protección internos dos que dispón o CEIP **Celso Emilio Ferreiro** son os seguintes:


- 6112 Todas as aulas contan cun plano do edificio coa sinalización pertinente dos medios dispoñibles.
- 6112 Todas as estancias contan cun punto luminoso de emerxencia.
- 6112 No corredor principal atópase un mural cos teléfonos correspondentes aos medios externos significativos de mobilización.
- 6112 4 **extintores** de pó dun peso aproximado de 6 kg situados en: **vestíbulo, cociña e ximnasio**, respectivamente.
- 6112 Como **material de primeira intervención** dispoñemos de:
  -  2 botiquíns situados no vestíbulo de entrada ao colexio (un fronte ao outro).
  -  1 botiquín portátil no despacho da dirección.
  -  1 botiquín na entrada á aula de P.T.
  -  1 botiquín na cociña.
- 6112 Non existe boca de incendios.
- 6112 **Sistemas de Alarma: Sirena e Bucina de Gas.**

### 3.2.2. MEDIOS EXTERNOS

 - 112	CENTRAL DE EMERXENCIAS
 - 062	COS(Centro Orientación Servizos)Guardia Civil.
 - 981. 69.26.06	Centro de Saúde de A Silva
 - 981. 68.61.68	Centro de Saúde de Cerceda (10 km).
 - 616.42.07.77	Protección Civil Cerceda.
 - 981.68.52.29	Policía Local de Cerceda.
 - 981.68.00.30	Posto da Garda Civil de Ordes.
 - 981.75.81.17	Consortio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña.
 - 981.68.27.80	Parque Comarcal de Bombeiros Ordes.



### 3.3. PLANO DO EDIFICIO



## **CAPÍTULO IV PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN**

### **4.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

Xa que se considera unha situación de emerxencia aquela que podería estar motivada por un incendio, unha explosión na gasoleira, unha fuxida de gas ou calquera outro tipo de alarma que xustifique a evacuación rápida do edificio, é imprescindible facer prácticas cos alumnos e profesores para levar a bo termo dita evacuación.

Tendo en conta a tipoloxía do colexio, a evacuación total non debería superar os cinco minutos.

En caso dun simulacro nin o alumnado nin o profesorado coñecerán o día e hora da súa realización (estes datos só os coñecerá o equipo directivo e o conxérese de ser preciso).

### **4.2. EQUIPOS DE INTERVENCIÓN**

<b>XIE</b>	
<b>Xefe de Intervención e Emerxencias</b>	
<b>6112</b>	Valora o risco
<b>6112</b>	Ordena o sinal de alarma ao conxérese que procederá a pechar as tomas de gas e electricidade
<b>6112</b>	Solicita e informa as axudas externas
<b>EQUIPOS</b>	
<b>EPI</b>	
<b>Equipo de Primeira Intervención</b>	
<b>6112</b>	Función preventiva
<b>6112</b>	Combate conato de incendio
<b>6112</b>	Apoio
<b>EPA</b>	
<b>Equipo de Primeiros Auxilios</b>	
<b>6112</b>	Función preventiva
<b>6112</b>	Actuación en accidentes leves
<b>6112</b>	Axuda aos feridos

#### **4.2.1. SELECCIÓN DE EQUIPOS**

<b>XIE</b>	
<b>Xefe de Intervención e Emerxencias</b>	
<b>6112</b>	TITULAR: Director do Centro


6112	SUPLENTE:	Secretario
<b>EQUIPOS</b>		
<b>EPI</b>		
<b>Equipo de Primeira Intervención</b>		
6112	TITULARES:	Coordinadores de ciclo en infantil Titores de 2º 4º e 6º de primaria
6112	SUPLENTES:	Titores non coordinadores en infantil Titores de 1º, 3º e 5º de primaria
<b>EPA</b>		
<b>Equipo de Primeiros Auxilios</b>		
6112	TITULAR:	Profesor de Educación Física
6112	SUPLENTE:	Director e Conserxe


#### 4.2.2. FUNCÍONS DOS EQUIPOS

<b>XIE</b>	
<b>Xefe de Intervención e Emerxencias</b>	
EN CASO DE ACCIDENTE OU EMERXENCIA	
6112	Atenderase ao ferido
6112	Ordenará que se avise ao equipo de primeiros auxilios
6112	Avisará ao 112 e ordenará e xestionará o traslado do ferido
6112	Informará do suceso aos familiares do ferido
ANTE UN INCENDIO	
6112	Recibida a información, valorará o risco
6112	Modificará, de ser preciso, o punto de encontro
6112	Ordenará que se emita o sinal de alarma e evacuación
6112	Avisará ao 112 solicitando medios de intervención
6112	Informará aos medios de axudas externas
6112	Colaborará na dirección e control da emerxencia
6112	Recabará información dos medios externos
6112	Redactará o preceptivo informe
<b>EPI</b>	
<b>Equipo de Primeira Intervención</b>	
6112	Recollerá os equipos de primeira intervención
6112	Intentará apagar o lume coa mellor seguridade posible
6112	Informará ao xefe de intervención e emerxencia.

6112	Colaborará coa axuda externa no que se considere necesario
<b>EPA</b>	
<b>Equipo de Primeiros Auxilios</b>	
6112	Asistencia ao ferido
6112	Avaliará a lesión e informará ao xefe de intervención
6112	Preparará o traslado do ferido, de ser preciso
6112	Acompañará ao ferido ao centro sanitario
6112	Redactará o informe de causas, proceso e consecuencias
6112	Tomará nota da incidencia

#### 4.2.3. RESUMO DE PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN







## **4.3. PROGRAMA DE FORMACIÓN**

### **4.3.1. MEDIDAS PREVENTIVAS**

- 6112 Revisar, periódicamente, a sinalización e alumeado de emerxencia.
- 6112 Revisar, periódicamente, os extintores.
- 6112 Recoller e retirar periódicamente os residuos en recipientes axeitados.
- 6112 Revisar, periódicamente, as instalacións eléctricas.
- 6112 Revisar a caducidade e a reposición dos botiquíns de primeiros auxilios.
- 6112 Non tirar ao chan trapos impregnados de grasa, especialmente se nos arredores temos materiais inflamables.
- 6112 Controlar a posible existencia de fontes de electricidade estática.
- 6112 Extremar o orde e a limpeza para evitar a acumulación de materiais de fácil combustión e propagación do lume...

### **4.3.2. INSTRUCIÓNS ORIENTATIVAS PARA O PROFESORADO**

- 6112 Manter a calma e transmitir tranquilidade.
- 6112 Poñer o chaleco reflectante.
- 6112 Cada profesor valorará a posibilidade de realizar una evacuación ou un confinamento do alumnado ao seu cargo.
- 6112 O distintivo do alumnado encargado consistirá nunha gorra de cor amarelo ou laranxa de cara a facilitar o control da fila por parte do titor ou mestre especialista que nese momento se atope co grupo.
- 6112 Cada profesor/a ten que asumir a responsabilidade xeral da aula onde se atope, facéndose cargo de todos os alumnos/as.
- 6112 Comprobar se falta algún alumno.
- 6112 O profesor indicará a porta de emerxencia que se utilizará en cada caso.
- 6112 O mestre/a colocará aos alumnos nunha fila para saír, manténdoos deste xeito ata chegar ao lugar de encontro.
- 6112 Unha vez que os nenos/as se atopen no lugar de encontro, comprobará de novo que non falta ningún.
- 6112 O mestre/a que non teña actividade docente nese momento, axudará aos mestres de Educación Infantil.
- 6112 Sairán primeiro os nenos/as de Educación Infantil cos seus mestres.
- 6112 Organizar una fila cos alumnos e alumnas, encabezada polo alumno/alumna encargado que levará un distintivo.
- 6112 Pechar portas e ventás.
- 6112 Esperar que a aula que evacúa antes que nós no percorrido de evacuación, xa o fisexe.
- 6112 Organizar a saída poñéndose á cola.
- 6112 Pechar a porta ao saír da aula.

### 4.3.3. ACTIVIDADES A LEVAR A CABO CO ALUMNADO

Cada titor/a, de acordo co Claustro, realizará cos alumnos da súa titoría as actividades acordadas podendo realizar todas aquelas que considere oportunas dacordo coas especificadas de seguido, e dependendo das idades do alumnado referente:

- 6112 Informar aos alumnos sobre o que é un plan de autoprotección: En qué consiste? Para qué serve? Por que hai que facelo?
- 6112 Comentar cos alumnos/as as instrucións e os procedementos de evacuación.
- 6112 Ensinar aos alumnos o plano do Centro (segundo o nivel educativo). Explicarlles os servizos básicos de emerxencia que hai nel (extintores, botiquíns ...) e indicarlles onde están ubicados.
- 6112 Asignar tarefas a cada grupo de alumnos/as para poder levar a cabo o devandito plan.
- 6112 Elaborar un cartel coas normas para os alumnos/as das diferentes titorías.
- 6112 Solicitar a colaboración dos servizos de Protección Civil, da Policía Municipal e dos membros do Parque Comarcal de Bombeiros de Ordes.
- 6112 Ensinar as normas de funcionamento dun extintor portátil.
- 6112 Ensinar normas básicas de primeiros auxilios e en qué consiste a cadea de supervivencia.

#### 4.3.3.1 NORMAS DE EMPREGO DUN EXTINTOR PORTÁTIL

- 6112 Descolgar o extintor asiéndolo pola maneta ou asa e deixalo sobre o chan en posición vertical.



- 6112 Asir a boquilla da manguera do extintor e comprobar, en caso que exista, que a válvula ou disco de seguridade (V) está en posición sen risco para o usuario. Sacar o pasador de seguridade tirando do seu anel.



**6112** Presionar a palanca da parte superior do extintor e, no caso de que exista, apretar a palanca da boquilla realizando unha pequena descarga de comprobación.



**6112** Dirixir o chorro á base das lapas cun movemento de barrido. No caso de incendio de líquidos proxectar superficialmente o axente extintor efectuando un barrido evitando que a propia presión de impulsión provoque derrame do líquido incendiado. Aproximarse lentamente ao lume ata un máximo aproximado dun metro.



Merece destacar que para que un extintor de incendios sexa eficaz no momento do incendio debe contar cun mantemento axeitado coas revisións periódicas indicadas segundo o R.D. 1942/1993 dacordo coa Norma UNE 23 120 A organización distas revisións realizárase segundo o exposto na NTP 368-1995.

### 4.3.3.2 PRIMEIROS AUXILIOS

Adicáranse varias sesións, previas á realización do Simulacro, a informar e concienciar aos alumnos e alumnas acerca da necesidade da Autoprotección Escolar, tratándose ao longo das **sesións** diversos contidos relacionais.

Os **obxectivos** dos Primeiros Auxilios son:

- a) Conservar a vida.
- b) Evitar complicacións físicas e psicolóxicas do ferido.
- c) Axudar á recuperación.
- d) Asegurar o traslado dos accidentados a un centro asistencial de forma rápida.

Cando se produce un accidenteponse en marcha o que se denomina **CADEA DE SUPERVIVENCIA**. A activación da cadea de supervivencia é unha das accións máis importantes dentro do campo dos Primeiros Auxilios.

Activar quere dicir “ **poñer en marcha** ” todo o complexo sistema de axuda e socorro. Dita acción pode realizala calquera persoa, **incluso nenos/as dos primeiros cursos de Educación Primaria**.

#### OS 4 ESLABÓNS DA CADEA DE SUPERVIVENCIA

##### Aplicación educativa na etapa primaria



De todos xeitos, ao non dispor dunha formación contínua en Primeiros Auxilios, nin dun desfibrilador, a cadea de supervivencia basearase, basicamente no denominado P.A.S. (Protexer – Alertar – Socorrer)

## CAPÍTULO V SUPOSTOS E ACTUACIÓNS

No terceiro trimestre de cada curso académico levaremos a a cabo un simulacro de evacuación no que iremos alternando os supostos indicados de seguido:

## 5.1. SUPOSTOS

1. Incendio na cociña:
  - 1.1. Con nenos no comedor.
  - 1.2. Sen nenos no comedor.
2. Explosión ou incendio no depósito de gas-oil ou caldeira.
3. Derrubamento de parte do edificio.
4. Incendio ocasional en calquera aula ou biblioteca.
5. Explosión ou incendio na gasoleira que hai preto do Centro.
6. Incendio na Aula de Informática.

## 5.2. ACTUACIÓNS

### 5.2.1. INCENDIO NA COCIÑA

#### Con nenos no comedor.

- 📞112 Os mestres de garda, os monitores e cociñeiras, así como o persoal de administración e servizos, faranse cargo da evacuación da estancia.
- 📞112 Se é posible, utilizar o extintor.
- 📞112 No caso de que perdure o incendio:
  - 📞112 Os alumnos que serven, retirarán os carros do servizo, colocándoos ao fondo, fora do paso.
  - 📞112 De seguido axudarán a desaloxar aos alumnos da súa mesa. O desaloxo realizarase comezando polas mesas máis próximas á cociña, en dúas filas (unha para as mesas situadas á dereita e outra para as da esquerda), saíndo pola porta correspondente (emerxencia e entrada).

#### Sen nenos no comedor.

- 📞112 Se é posible, utilizar o extintor.
- 📞112 No caso de non poder dominar o incendio, escapar polo sitio máis fácil e informar do incendio.

### 5.2.2. EXPLOSIÓN OU INCENDIO NO DEPÓSITO DE GAS-OIL OU CALDEIRA

#### Con alumnos no patio:

- 📞112 Evacuarse, o antes posible, todo o centro.
- 📞112 Abrir as portas da entrada principal e dirixirse á parte posterior do Centro.
- 📞112 Se hai feridos, proceder á súa evacuación.
- 📞112 Establecer vixilancia para que os rapaces non teñan acceso á zona de perigo.
- 📞112 O alumnado que se atope nas aulas empregará a saída de emerxencia.



- 6112 O alumnado que se atope na aula de PT e informática empregara como vía de evacuación o portón traseiro.

#### **Sen alumnos no patio:**

- 6112 Desaloxar o antes posible o ximnasio e as aulas de Infantil, e empregar as saídas alternativas indicadas no caso anterior.

### **5.2.3. DERRUBAMENTO DE PARTE DO EDIFICIO**

#### **Derrubamento de parte do edificio:**

- 6112 Proceder ao desaloxo dos alumnos/as.
- 6112 Unificarase o punto de encontro que variará o XIE (xefe de intervención e emerxencia), con respecto ao establecido, en función dos elementos estruturais afectados. Intentando non variar as costumes do alumnado, de ser posible.
- 6112 Prestar atención aos posibles feridos.

### **5.2.4. INCENDIO OCASIONAL EN CALQUERA AULA**

- 6112 Desaloxar aos alumnos/as.
- 6112 Utilizar os extintores.

### **5.2.5. EXPLOSIÓN OU INCENDIO DA GASOLINEIRA**

- 6112 Dependendo da virulencia da mesma, intentar permanecer no centro nas dependencias máis adecuadas ou proceder ao desaloxo a través das saídas de emerxencia máis alonxadas do sinistro.

### **5.2.6. INCENDIO NA AULA DE INFORMÁTICA**

- 6112 Proceder ao desaloxo inmediato dos alumnos, aínda que se trate dun conato de incendio, a través da única porta de saída posible. Posteriormente ver as posibilidades de controlar o sinistro desconectando a fonte de alimentación eléctrica e comprobando as proporcións do mesmo e a posibilidade de sofocalo a través dos medios materiais e persoais do Centro.

## **5.3. EVACUACIÓN DE FERIDOS**

- 6112 Impedir que os rapaces interrompan a saída.
- 6112 A ser posible, a evacuación farase pola porta principal e, no caso de que a evacuación non se poidese realizar polo lugar indicado, sairáse polas portas de emerxencia ou, en último caso, polas ventás.

## **CAPÍTULO VI UBICACIÓN, REVISIONS E ACTUALIZACIÓNS DO PLAN**

### **UBICACIÓN DOS EXEMPLARES DO PLAN**

- Dirección do centro.
- Servizo de inspección educativa.
- Protección Civil.
- Parque Comarcal de Bombeiros de Ordes.
- Policía Local.

### **REVISIONS DO PLAN**

<b>Tipo de revisión</b>	<b>Data</b>
Anulado Capítulo VIII por traslado da alumna	02/09/2014

### **INSPECCIÓNS DE SEGURIDADE**

<b>Inspección realizada</b>	<b>Data</b>

### **ACTUALIZACIÓNS**

<b>Actualizacións realizadas</b>	<b>Data</b>



## CAPÍTULO VII ACTA DE EVACUACIÓN

### ACTA DO SIMULACRO DE EVACUACIÓN

Centro.....Localidade.....  
Concello.....Enderezo.....  
Niveis educativos.....Nº total de alumnos.....  
Data de realización do simulacro.....  
**Tempo real total** da evacuación.....

- ✓ As vías de evacuación foron suficientes e adecuadas para o desaloxo dos edificios?
- ✓ Resultou adecuado/eficaz o sistema de alarma?
- ✓ Foi posible/fácil cortar o gas e a electricidade?
- ✓ Foi suficiente a preparación dos alumnos?
- ✓ Foi suficiente a formación previa dos profesores e do resto do persoal do Centro?

#### BALANCE XERAL DO SIMULACRO

- ☹ **Dificultades** que presentou o plan no seu desenvolvemento.
  
- ☺ **Suxestións de melloras** para actuaciónes en caso de emerxencia.
  
- ☹ Medios que se botaron en falta.
  
- ☹ Outras observacións.

Lugar.....Data.....

Selo do Centro.      Sinatura do director

Rafael Rodríguez Martín

---

O EQUIPO DIRECTIVO

O DIRECTOR:

Asdo: Rafael Rodríguez Martín

O SECRETARIO:

José Domínguez Caballero

O presente Plan de Autoprotección foi aprobado polo Consello Escolar na xuntanza levada a cabo o día 23 de setembro de 2014.

Unha vez aprobado procédese a dalo de alta no REGAPE.

<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=PR&codProc=485A&procedemento=PR485A>